



RESOLUCIÓN DE DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DA XUNTA ELECTORAL

Procedemento: renovación dos órganos de goberno de determinados consellos reguladores do ámbito agroalimentario, convocado por Orde do 3.4.2017 (DOG núm.67, do 5.4.2017)

Asunto: designación dos membros da Xunta electoral

ANTECEDENTES

1 O día 29.1.2007 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* (en adiante DOG) o Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, que regula as denominación xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores.

2 O día 5.4.2017 publicouse no DOG núm.67 a Orde do 3.4.2017 pola que se convocan eleccións e se ditan normas para a renovación dos órganos de goberno de determinados consellos reguladores do ámbito agroalimentario, que inclúe a convocatoria para a renovación dos ditos órganos de vinte e un consellos reguladores.

3 O día 10.04.2017, en calidade de organización profesional agraria de ámbito galego máis representativa (censos A), o Sindicato Labrego Galego presentou a súa solicitude de nomeamento como membro titular e como membro suplente da Xunta Electoral dos candidatos por el propostos, xunto coa documentación correspondente.

4 O día 10.4.2017 Higinio Mougán Bouzón, en calidade de director-xerente da Unión de Cooperativas Asociación Galega de Cooperativas Agrarias (AGACA), en representación das cooperativas dos sectores implicados ou das súas asociacións (censos C), presentou a súa solicitude de nomeamento como membro titular e suplente da Xunta Electoral dos candidatos por el propostos, xunto coa documentación correspondente.

5 O día 11.4.2017 Rafael Rivadulla Varela, en representación da Asociación Clúster da Alimentación Ecolóxica de Galicia, en calidade de asociación empresarial dos sectores industriais implicados (censos B e D), presentou a súa solicitude de nomeamento como membro titular e como membro suplente da Xunta Electoral dos candidatos por el propostos, xunto coa documentación correspondente.

6 O día 18.04.2017, en calidade de organización profesional agraria de ámbito galego máis representativa (censos A), Roberto García González, en nome e representación da organización profesional agraria UNIÓN AGRARIAS-UPA, presentou a súa solicitude de nomeamento como membro titular e como membro suplente da Xunta Electoral dos candidatos por el propostos, xunto coa documentación correspondente. Esta solicitude foi





aceptada, de conformidade con informe que emitiu o Servizo Técnico-Xurídico que consta no expediente.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 Segundo o disposto no artigo 40.1 do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, que regula as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores, a Xunta Electoral é o órgano supremo de supervisión do proceso electoral e nela estarán representados os diversos sectores que concorren ao proceso electoral e o persoal técnico da consellería competente en razón da natureza do produto e dos seus entes e organismos dependentes.

2 Mediante Orde do 3.4.2017 convocáronse eleccións e ditáronse as normas para a renovación dos órganos de goberno de vinte e un consellos reguladores do ámbito agroalimentario.

O Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, faculta para constituírse unha Xunta Electoral Común para o caso en que se convoquen simultaneamente varios procesos electorais, facultade esta desenvolvida mediante o artigo 3.1 da Orde do 3.4.2017.

3 Unha vez examinada a documentación presentada polos diversos solicitantes e valorados os criterios contemplados no artigo 43.2 Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, e no artigo 4.4 da Orde do 3.4.2017, relativos a formación académica e a experiencia das persoas candidatas e respectando as previsións en canto á composición previstas no artigo 3, parágrafos 2 e 3 da Orde do 3.4.2017, a Xunta Electoral estará composta polos membros que se indican nesta resolución.

A competencia para ditar esta resolución corresponde á directora xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias de conformidade co establecido nos artigos 4.4 da Orde do 3.4.2017 e 43.1 do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, en relación co artigo 15 do Decreto 166/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural.

En consecuencia, RESOLVO:

A Xunta Electoral para a renovación dos órganos de goberno dos consellos reguladores das denominacións de orixe Monterrei, Rías Baixas, Ribeira Sacra, Ribeiro e Valdeorras, do Consello Regulador das Indicacións Xeográficas das Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia, dos consellos reguladores das denominacións de orixe protexidas Arzúa-Ulloa, Queixo Tetilla, San Simón da Costa, Cebreiro e Pemento de Herbón, dos consellos reguladores das indicacións xeográficas protexidas Pataca de Galicia, Mel de Galicia, Pan de





Cea, Faba de Lourenzá, Castaña de Galicia, Grelos de Galicia, Tarta de Santiago, Pemento do Couto e Pemento da Arnoia, e do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia, estará **integrada polos seguintes membros:**

TITULARES:

Presidenta: Belén M^a Do Campo Piñeiro, en calidade de directora xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.

Vogais:

- Asunción Martín Azpiazu, subdirectora xeral de Réxime Xurídico-Administrativo da Consellería do Medio Rural.
- Ricardo Rivas Barros, subdirector xeral de Industrias e Calidade Agroalimentaria da Consellería do Medio Rural.
- M^a José González González, xefa do Servizo de Promoción da Calidade Agroalimentaria da Consellería do Medio Rural.
- José Pérez Rei, en representación do Sindicato Labrego Galego, como organización profesional agraria do ámbito galego máis representativa.
- Pedro González Boquete, en representación de UNIÓN AGRARIAS-UPA, como organización profesional agraria do ámbito galego máis representativa.
- Eduardo de la Hoz Lemos, en representación de AGACA, como representante das cooperativas dos sectores implicados ou das súas asociacións (censos C).
- Javier Villanueva López, en representación da Asociación Clúster da Alimentación Ecolóxica de Galicia, como representante das asociacións empresariais dos sectores industriais implicados (censos B e D)

Secretaria: Marta Forés Lojo, xefa do Servizo Técnico-Xurídico da Consellería do Medio Rural.

SUPLENTES:

Presidenta: Asunción Martín Azpiazu, subdirectora xeral de Réxime Xurídico-Administrativo da Consellería do Medio Rural, como suplente de Belén M^a Do Campo Piñeiro.

Vogais:

- Ana María Seijas Varela, xefa de Sección no Servizo Técnico-Xurídico da Consellería do Medio Rural, como suplente de Asunción Martín Azpiazu.





- Ramón Jesús Lamelo Otero, xefe de Área do Servizo de Promoción da Calidade Agroalimentaria, como suplente de Ricardo Rivas Barros.
- Marcos González Rodríguez, xefe de Sección do Servizo de Promoción da Calidade Agroalimentaria, como suplente de M^a José González González.
- Ramón Barreiro Carnota, como suplente de José Pérez Rei.
- Isaac Javier Lemus Cibrán, como suplente de Pedro González Boquete.
- Higinio Mougán Bouzón, como suplente de Eduardo de la Hoz Lemos.
- Rafael Rivadulla Varela, como suplente de Javier Villanueva López.

Secretaria: Marta Pardo Manzanares, xefa de Sección no Servizo Técnico-Xurídico da Consellería do Medio Rural, como suplente de Marta Forés Lojo.

Contra esta resolución as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso ante a conselleira do Medio Rural con data límite do 21.4.2017, de conformidade co disposto nos artigos 4.5 da Orde do 3.4.2017 e 43.3 do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro.

Segundo o previsto no citado artigo 4.5 da Orde do 3.4.2017 o recurso será presentado nas dependencias da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico-Administrativo da Consellería do Medio Rural.

A designación dos membros titulares e suplentes da Xunta Electoral en representación dos diferentes sectores que se realiza con esta resolución, será notificada no enderezo electrónico autorizado pola organización propoñente para os efectos da recepción das comunicacións, segundo previsto no artigo 42.1.d) do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro e no artigo 4.6 da Orde do 3.4.2017.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2017

A directora xeral de Gandarías, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

Belén M^a Do Campo Piñeiro

